



Confederación Intersindical Galega  
**ENSINO**

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Secretaría Nacional  
[galiza@cig-ensino.gal](mailto:galiza@cig-ensino.gal)

Tel: 981 576800 / Fax: 981-575839

**ENTRADA 95936 / RX 1474582**

Data 31/05/2016 10:59:27



## **A/A conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**

**Asunto: Obriga de cursar Relixión como materia escolar en 1º de Bacharelato**

Sr. conselleiro:

A aplicación da LOMCE supuxo un maior reforzamento do ensino confesional, pois a relixión non só continúa sendo unha materia escolar, senón que pasa a ter o mesmo valor académico cás demais. Estamos ante un deseño que provoca que o alumnado opte, mediante diferentes mecanismos, pola relixión para ter así asegurada unha cualificación alta que terá o mesmo valor académico cás outras materias.

Todo isto viuse agravado coa distribución horaria das materias de bacharelato, recollida no Anexo IV do Decreto 86/2012 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (DOG 29 de xuño); coas instrucións do curso 2015-2016 de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (DOG 29 de xullo de 2015) e coa carga horaria establecida para as materias de libre configuración autonómica (DOG 21 de xullo de 2015) que fai que haxa alumnado que se vexa obrigado a matricularse en relixión en contra da súa vontade, dado que, segundo a actual normativa, o alumnado de 1º de Bacharelato debe cursar dúas materias troncais de opción e un mínimo de dúas e un máximo de tres específicas.

Tendo en conta que só a relixión ten unha carga horaria dunha hora dentro das materias específicas e que o alumnado ten que cursar como mínimo dúas desta modalidade, este pode verse obrigado a optar por relixión no bacharelato aínda que o centro teña unha materia de libre configuración dunha hora. Os períodos lectivos asignados ás materias específicas e de libre configuración son seis e o alumnado ten que cursar un mínimo de dúas específicas e o resto de libre configuración. É dicir:

- a) Materias específicas de opción (de 2 horas, 3 horas, 1 hora de Relixión, unha troncal non cursada de 4 horas)
- b) Materias de libre configuración autonómica (todas de 2 horas)
- c) Materias de libre configuración do centro.

Como a norma obriga a cursar necesariamente dúas específicas, dáse o caso de que, por exemplo, o alumnado de 1º de Bacharelato que curse como específica Tecnoloxía Industrial, cunha carga horaria de 3 horas, e Robótica de libre configuración, de 2 horas, obrigatoriamente terá que coller relixión, xa que ten que cursar unha específica máis e só relixión ten unha carga horaria dunha hora. Aínda que o centro oferte unha materia de libre configuración dunha hora, o alumnado non a podería cursar pois é obrigatorio, como mínimo, cursar dúas específicas e, por tanto, tería que optar pola relixión.

Por outra parte, o alumnado que escolla a materia de afondamento e/ou esforzo dalgunha materia como de libre configuración verase prexudicado por non ter unha cualificación, ao contrario do que curse relixión.

A CIG-Ensino considera que ten que prevalecer a aconfesionalidade e o dereito do alumnado a poder escoller a materia que mellor se axuste ao seu itinerario formativo, sen estar obrigado, directa ou indirectamente, a matricularse en relixión se non o desexa.

Por todo isto e ante este mecanismo perverso, reclamamos da Consellaría de Educación que modifique a lexislación con tempo suficiente, a fin de eliminar esta discriminación e inxustiza e para evitar que se repita no vindeiro curso. Todo se resolvería excluindo a relixión como materia de bacharelato e do ensino en xeral, mais, mentres, cumpriría suprimir a obrigatoriedade de cursar dúas específicas como mínimo ou darlles ás de libre configuración autonómica a consideración de específicas, para estes efectos, e ofertar outra materia específica dunha hora.

Un cordial saúdo,



Anxo Louzao Rodríguez

Secretario nacional da CIG-Ensino

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2016

**SR. CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA.**